

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 29 DE MAIO DE 2017**

### **ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D<sup>a</sup>. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D<sup>a</sup>. María Begoña Balsa Alonso (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D. José Ignacio Cabezón Lorenzo (PP)

D<sup>a</sup>. Montserrat Rico López (ídem)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D<sup>a</sup>. María Carmen Insua Cabanas (ídem)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA)

D. Carlos Caaveiro Puentes (ídem)

D<sup>a</sup>. Cristina Bouza Bellón (BNG-Grupo Mixto)

D. Antonio Seijo Martínez (CG-Grupo Mixto)

*Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e nove de maio do ano dous mil dezasete, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez.*

*Asiste igualmente a Interventora desta entidade, D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup>. Prieto Martínez.*

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27/03/2017**

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade procede a súa aprobación.

### **2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA COMPRENSIVOS DO 5/2017 AO 8/2017**

O Pleno toma coñecemento dos Decretos da Alcaldía comprensivos do 5/2017 ao 8/2017, copia dos cales figuran a disposición dos concelleiros/as xunto coa documentación do presente Pleno.

### **3º.- APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2017**

Ditaminados pola Comisión Informativa de Facenda e Contas, a concelleira da área de Facenda, **Sra. Pena Barcia** defende os orzamentos, expoñendo sucintamente que se incrementan en 200.000 € con respecto ao exercicio anterior, sen tomar en consideración que aínda falta o PAI, e ademais se conta con todos os informes favorables de Intervención, relativos a estabilidade orzamentaria, regra de gasto. O maior esforzo se centra na área de servizos sociais.

Seguidamente ábrese **DEBATE:** **Sr. Cabezón Lorenzo:** a primeira pregunta que nos facemos é a seguinte: orzamentos en xuño? A metade dos créditos das partidas xa están gastados, e ademais tampouco tivemos participación na elaboración, e por iso tamén preguntamos se houbo reunións para a súa elaboración sen contar co PP.

**Sr. Alcalde:** non, de ningún xeito.

**Sr. Cabezón Lorenzo:** para investimentos, excepto en camiños e en eliminación de barreiras arquitectónicas non vemos ningunha partida, por exemplo para a captación de auga nos manantiais da Peteirella. Queremos por iso preguntar si xa funciona o saneamento no rural, e tamén si xa se rematou a obra da depuradora.

En materia de axuda social estamos de acordo co incremento de 100.000 euros, pero se trata de aportación íntegra do Concello ou tamén participa a Xunta de Galicia?

**Sr. Alcalde:** aportación de Concello y de la Xunta de Galicia.

**Sr. Cabezón Lorenzo:** os gastos de representación se rebaixan de 20.000 a 6.000 euros, agora ben, os 14.000 euros de diferenza a qué se aplican? Supoño que igual que se facía antes cando gobernábamos nós, se adicarán a gastos xerais en favor da veciñanza.

O incremento de gastos na partida de Cultura, se trata de fondos propios ou aportacións de outras Administracións?

**Sra. Pena Barcia:** se suben 4.000 euros con cargo a fondos propios.

**Sr. Cabezón Lorenzo:** teño que reiterar que non vemos investimentos en novas infraestruturas, sobre todo en materia de auga para abastecemento.

**Sr. Alcalde:** quero dicir en primeiro lugar que traemos agora o orzamento a aprobación, porque estivemos en reunións e negociacións coa Xunta de Galicia no referente á escola infantil municipal.

En canto ás obras da depuradora municipal, como se sabe son competencia da Xunta de Galicia, e según me dixeron teñen un problema coa empresa adxudicataria das obras.

En canto aos investimentos en materia de captación de augas, na Peteirella se están facendo obras, e na Rabadeña estamos tramitando as autorizacións sectoriais pertinentes para acometer as obras da traída de auga.

Por outra banda, e en canto a investimentos, actuaremos na Biblioteca, nos parques infantís, compraremos fotocopiadoras, e faremos por suposto moitas obras nos camiños municipais.

As partidas de axudas para festas populares se contemplan no orzamento, para que estean regulamentadas, e polo que se refire á axudas á natalidade as consideramos preferentes.

**Sra. Pena Barcia:** en canto á participación na elaboración do orzamento, teño que dicir que ningún membro do PP asistiu á Comisión Informativa de Facenda, que é lugar oportuno para facer aportacións ao orzamento. Estes orzamentos que presentamos á aprobación son participativos, non assemblearios, nos temos desprazado por todas as parroquias para recabar propostas, e os veciños nos amosaron a total confianza en nosas propostas iniciais. Nin PP nin MOVENEDA fixeron aportacións ou propostas.

**Sr. Cabezón Lorenzo:** entendo que cada goberno aproba os seus orzamentos, nós tamén o facíamos así, o único que digo é que non se nos ten dado participación.

**Sr. Pita Galego:** temos distintos conceptos da participación, e de feito na Comisión Informativa de Facendo fixemos algunha corrección sobre os orzamentos presentados, pero o certo é que non se deu participación para elaborar estes orzamentos, máis alá da preceptiva participación na Comisión Informativa correspondente.

Entrando en algunhas partidas orzamentarias, observamos dúas partidas de 22.000 e 35.000 euros respectivamente, para limpeza de zonas verdes e para mantemento.

**Sr. Alcalde:** son dúas zonas distintas, e polo tanto dous contratos, unha vez que se delimitaron correctamente os kilómetros e as zonas de actuación.

**Sr. Pita Galego:** en canto ao derrubo do matadoiro, vemos unha partida duplicada de 12.000 euros.

**Sr. Alcalde:** cando se fixo o derrubo inicial se detectou que había mais construción cara abaixo e resulta obrigatorio actuar para que non se desprace cara ao río, de aí a partida incrementada sobre a previsión inicial.

**Sr. Pita Galego:** queremos saber en que consiste o poste publicitario, y si a partida de 12.000 euros se financia con cargo ao que eran gastos de representación.

**Sr. Alcalde:** se trata sobre todo de un poste informativo para a cidadanía, mais que un poste publicitario propiamente dito.

**Sr. Pita Galego:** as axudas familiares as corriximos cando as vimos na Comisión Informativa, pero as axudas de libros e transporte temos que dicir que as tablas seguen mal.

Por outra banda, as axudas á natalidade e as familias numerosas, os umbrales que se marcan en función do IPREM son moi restritivos, e moito nos tememos que as axudas reais van ser escasas.

Na escola infantil se presupostan 40.000 euros para darlle á empresa, cando nós pensamos que esas axudas era mellor darllas ás familias. Se vai máis a tapar o bache que ao longo recorrido.

En Deportes se prevén novedosamente dúas subvencións nominativas, para automobilismo e para un club de chave, e nós defendemos que as subvencións se teñen que dar en concorrencia competitiva, porque xa os propios orzamentos falan de transparencia e obxectividade, e aquí, en cambio, se están facendo distincións que non atenden a eses principios.

**Sr. Alcalde:** a vontade do goberno municipal é incrementar sempre as axudas, en Deportes, en Servizos Sociais, en infraestruturas, etc. Pero a verdade é que este ano ponse en marcha a escola infantil municipal e aínda non sabemos o que nos vai custar, por iso temos que limitarnos ao confeccionar o orzamento. Para o vindeiro ano xa teremos unha referencia.

**Sr. Pita Galego:** con carácter xeral se incrementan as axudas en materia de servizos sociais, tomando como referencia catro anos atrás, en 50 euros, o cal nos parece moi escaso.

Observamos que se seguen a contratar externamente os servizos bibliotecarios, cando pensamos que se podía ir a un contrato de interinidade mentres a oferta de emprego público non permita a cobertura da praza con carácter definitivo.

E por último queríamos preguntar si hai prevista unha redución da cota tributaria do IBI?

**Sr. Alcalde:** aínda non temos datos fiscais definitivos que nos permitan estudar esa posible redución.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 7 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE e GRUPO MIXTO, 2 votos en contra dos Sres. concelleiros de MOVENEDA e 4 abstencións dos Sres. concelleiros de PP acorda:

**PRIMEIRO.-**Aprobar inicialmente o Orzamento deste concello para o exercicio 2017 que ascende, nivelado en gastos e ingresos, á cantidade de CATRO MILLÓNS CATROCENTOS TRES MIL SEISCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON TRES CENTIMOS-(4.403.633,03 €).

**SEGUNDO.-**Aprobar, asimesmo, o cadro de persoal, a relación de postos de traballo e as Bases de Execución do citado Orzamento.

**TERCEIRO.-**Ordenar a correspondente tramitación para a efectividade deste acordo consonte coas normas establecidas, e polo tanto que se expoña ó público ós efectos de exame polos interesados e, no seu caso presentación das reclamacións, por un prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ó da inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, todo elo como establece o Art. 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### **4º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL**

Ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda en sesión de 19 de maio de 2017, o Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 11 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e GRUPO MIXTO, e 2 abstencións dos Sres. concelleiros de MOVENEDA acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do prezo público da escola infantil municipal que se recolle seguidamente.

**SEGUNDO.-** Sometela a información pública por prazo de trinta días hábiles mediante inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, ao obxecto de que cantos se consideren interesados poidan formular alegacións ou observacións.

**TERCEIRO.-** De non formularse tales alegacións ou observacións no trámite de información pública entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ate entón provisional, procedéndose á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

#### **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DO SERVIZO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.**

##### **FUNDAMENTO LEGAL**

**Artigo 1.** De conformidade co establecido no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Neda establece o prezo público pola prestación do servizo de atención educativa do primeiro ciclo de educación infantil que se regulará

segundo o disposto nos artigos 41 a 47 da citada lei e polo preceptuado en presente Ordenanza.

### **OBXECTO**

**Artigo 2.** A presente Ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, o establecemento e cobro do prezo público pola prestación dos servizos de educación dirixidos ao Primeiro Ciclo de Educación Infantil polo Concello de Neda, mediante xestión indirecta, da Escola Infantil Municipal.

### **OBRIGACIÓN DE PAGO**

**Artigo 3.** A obrigaón de pago do prezo público regulado por esta Ordenanza nace desde a data en que o neno cause alta na Escola Infantil, é dicir, unha vez formalícese a matrícula ou inscrición.

### **OBRIGADOS AO PAGO**

**Artigo 4.** Están obrigados ao pago do prezo público e as cotas mensuais os pais, nais ou titores ou representantes legais ou quen exerza a patria potestade sobre os menores aos que se lles presta o servizo que constitúe o obxecto deste prezo público.

### **CONTÍA**

**Artigo 5.** As Tarifas do prezo público serán os seguintes:

- Os servizos e conceptos polos que se establecen os diferentes prezos son os seguintes:
  - Matrícula: págase unha única vez no curso, e cobre os gastos vinculados ás tarefas administrativas e algún gastos fixos da Escola
  - Mensualidade a xornada completa: abrangue os servizos de atención por 8 horas diarias, en cálculo mensual.
  - Mensualidade a media xornada: abrangue os servizos de atención por 4 horas diarias, en cálculo mensual
  - Xornada de 2 horas de tarde: abrangue os servizos de atención por 2 horas diarias, en horario de tarde e cálculo mensual
  - Hora complementaria: abrangue os servizos de atención por 1 hora diaria a maiores da modalidade de xornada escollida, en cálculo mensual
  - Hora extraordinaria: abrangue os servizos de atención por 1 hora, de forma excepcional, a maiores da modalidade de xornada escollida, en cálculo diaria
  - Servizo de comedor para o almorzo: abrangue a distribución e o servizo de alimentos durante a hora do almorzo, en cálculo mensual

- Servizo de comedor para o xantar: abrangue a distribución e o servizo de alimentos durante a hora do xantar, en cálculo mensual
  - Servizo de comedor para a merenda: abrangue a distribución e o servizo de alimentos durante a hora da merenda, en cálculo mensual
  - Servizo de comedor en día solto: abrangue a distribución e o servizo de alimentos, de forma excepcional, durante cada unha das comidas, en cálculo individual para cada comida.
- Os prezos pola prestación dos devanditos servizos da Escola infantil municipal son os seguintes:

Concepto	Cota
Matricula ( anual)	50,00 €
Mensualidade a xornada completa ( 8 horas)	198,00 €
Mensualidade a media xornada( 4 horas)	118,00 €
Xornada de 2 horas de tarde	60,00 €
Hora complementaria ( prezo mensual)	22,00 €
Hora extraordinaria ( prezo diario)	4,00 €
Comedor mensual: Almorzo	25,00 €
Comedor mensual: Xantar	88,00 €
Comedor mensual: Merenda	28,00 €
Servizo de comedor en día solto	4,95 €

- No caso de que se produza unha nova incorporación á Escola con posterioridade ao día 15 do mes, as taxas correspondentes ao dito mes reduciranse na parte proporcional.
- As tarifas incluídas nesta ordenanza serán revisables anualmente conforme a lexislación vixente.

Cando por circunstancias excepcionais ou puntuais o horario debese ampliar, incrementarase en 6 euros a cota mensual por cada hora ou fracción, que deberán ser abonados á Dirección da Gardería ou Escola Infantil o mesmo día en que se produciu.

As familias que desexen acollerse puntualmente ao servizo da escola infantil en horario ampliado deberán comunicalo á Dirección da Escola con suficiente antelación e polo menos á primeira hora da mañá dese mesmo día.

## NORMAS DE XESTIÓN

**Artigo 6.1. PAGO:** O pago do importe do prezo público realizarase a través do recibo do mes en curso, mediante domiciliación bancaria que se cargará durante a primeira semana de cada mes. En caso dun recibo impagado ou devolto, procederase a notificarse

ao obrigado ao pago, a débeda pendente que ten contraída, requiríndose a cancelación da mesma o máis axiña posible.

Se transcorrido o prazo de SETE DÍAS, a contar desde o seguinte ao requirimento, non a satisfíxese, procederáse á baixa provisional, que será definitiva desde o momento que se deban dúas mensualidades.

2. As altas que se produzan dentro do primeiros sete días de cada mes, deberán abonar o 100% da cota. No caso de que estas se produzan despois desa data, deberase pagar a parte proporcional da cota mensual.

3. A non asistencia non é causa de exención, nin de redución ou prorrateo do importe da cota, non xerando, por tanto, devolución de ingresos indebidos.

4. As baixas voluntarias que se produzan durante o curso deberán comunicarse por escrito á Dirección da Escola Infantil polo menos con QUINCE DÍAS de antelación, e esta deberá notificalo de inmediato á Concellería de Servizos Sociais deste Concello, sen que se teña dereito á devolución ou desconto da parte proporcional do importe da cota do mes en curso.

5. Non se procederá en ningún caso á devolución da matrícula.

## BONIFICACIÓNS

**Artigo 7.**As bonificacións que se aplicarán serán as seguintes:

- 100% de bonificación en caso de enfermidade grave, ingreso hospitalario ou operación quirúrxica que impida a asistencia durante un mes continuado do menor usuario o parentes por consanguinidade ou afinidade ata o primer grado, debendo acreditarse en calquera caso.

- Aplicarase unha redución dos prezos dos distintos servizos aos que accedan os nenos e nenas, en función do número de integrantes e situación económica da unidade familiar segundo a táboa adxunta:

<i>Límite de ingresos económicos familiares</i>	<i>Tramos de ingresos</i>	<i>Porcentaxe da subvención en función da contía máxima a subvencionar</i>
<i>115 % do IPREM, cando a unidade familiar conste dun membro</i>	<i>Inferior ou igual ao 50 % do IPREM.</i>	<i>100 %</i>
	<i>Maior do 50 e até ao 65 % do IPREM.</i>	<i>85 %</i>
	<i>Maior do 65 e até ao 80 % do IPREM.</i>	<i>75 %</i>
	<i>Maior do 80 e até ao 95 % do IPREM.</i>	<i>65 %</i>
	<i>Maior do 95 e até ao 115 % do IPREM.</i>	<i>50 %</i>
<i>140 % do IPREM, cando a</i>	<i>Inferior ou igual ao 75 % do IPREM.</i>	<i>100 %</i>

<i>unidade familiar conste de dous membros</i>		
	<i>Maior do 75 e até ao 90 % do IPREM.</i>	85 %
	<i>Maior do 90 e até ao 105 % do IPREM</i>	75 %
	<i>Maior do 105 e até ao 120 % do IPREM.</i>	65 %
	<i>Maior do 120 e até ao 140 % do IPREM</i>	50 %
<i>Até ao 170 % do IPREM vixente, se a unidade familiar esta constituída por tres o mais membros</i>	<i>Inferior ou igual ao 100 % do IPREM</i>	100 %
	<i>Maior do 100 e até ao 120 % do IPREM.</i>	85 %
	<i>Maior do 120 e até ao 140 % do IPREM</i>	75 %
	<i>Maior do 140 e até ao 155% do IPREM</i>	65 %
	<i>Maior do 155 e ate ao 170% do IPREM</i>	50%

**Artigo 8.** A consignación presupostaria para facer fronte as citadas bonificacións, é a que figura na aplicación orzamentaria 323-480.10 do orzamento vixente. No caso de que o número de solicitudes exceda do importe da partida orzamentaria, reduciranse todas as solicitudes proporcionalmente ata alcanzar dito importe.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

Unha vez aprobada definitivamente esta Ordenanza, entra en vigor.

Esta Ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

#### **5º.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “CONCESIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE NEDA”**

Vista a proposta realizada pola mesa de contratación celebrada en data 20 de abril de 2017, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

1º.- Consonte co establecido no artigo 151 do TRLCSP, segundo o cal o órgano de contratación clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non teñan sido declaradas desproporcionadas ou anormais, clasificar as ofertas por orde decrecente das puntuacións acadadas:

Nº. Orde	Nome Empresa	Puntuación Propostas de mellora (Sobre B)	Puntuación Proposición Económica (Sobre C)	Total puntos
----------	--------------	--	---	-----------------



1	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	50,25	8,43	58,68
2	FYOMA	33,25	14,51	47,76
3	SENES	25	11,3	36,3

2º.- Da anterior clasificación resulta que a proposición máis vantaxosa é a presentada por AURORA, PILAR Y ANA, S.L., polo que de conformidade co disposto no parágrafo 2º do antes citado artigo 151 do TRLCSP, requirir ao licitador que teña presentado a oferta economicamente máis vantaxosa para que no prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa tal acreditación, de dispor efectivamente dos medios que houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato consonte co artigo 64.2 e de constitución da garantía definitiva. Esta garantía, non existindo un prezo certo do contrato, establécese na cantidade de 5.000,00 € para a toda duración do mesmo.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Asimesmo, e por proposta da Alcaldía, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

1º.- Delegar na Xunta de Goberno Local os seguintes e posteriores trámites de contratación, ate a sinatura do contrato.

## **6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MOVENEDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO ESTADO PARA 2017**

O portavoz da formación, Sr. Pita Galego, da lectura á moción do seguinte tenor literal:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado 4 de Abril o goberno de Mariano Rajoy presentou un proxecto de orzamentos do Estado cuxas liñas mestras fundamentais son o recorte no investimento, no medio ambiente, nas infraestruturas e sen ningún tipo de partida novidosa no que ten que ver coa política social. Ademais da continuidade na regresión social das políticas deste executivo, o orzamento contén dúas disposicións adicionais que afectan directamente á autonomía dos Concellos.

A Disposición Adicional número 27, titulada “Limitacións á incorporación de persoal laboral ao sector público” nega a posibilidade de incorporar como empregados públicos

ás persoas traballadoras en empresas contratistas de obras ou servizos públicos no caso de que os contratos “se extingan polo seu cumprimento, por resolución, incluído o rescate, ou se se adopte o secuestro ou intervención do servizo”. Isto faise extensible ao persoal laboral que preste servizos en sociedades mercantís públicas, fundacións do sector público, consorcios, en persoas xurídicas societarias ou fundacionais que vaian a integrarse nunha Administración Pública.

A Disposición Adicional número 35, titulada “Esixencia de responsabilidades nas Administracións Públicas e entidades dependentes das mesmas por utilización da contratación laboral”, prohibe que os órganos competentes en materia de persoal en cada unha das Administracións Públicas e das entidades que conforman o Sector Público Instrumental poidan atribuír a condición de indefinido non fixo a persoal cun contrato de traballo temporal, nin ao persoal de empresas que á súa vez teñan un contrato administrativo coa Administración respectiva, salvo por sentenza xudicial. Ademais, o apartado terceiro desta disposición adicional ameaza coa esixencia de responsabilidades ás persoas titulares dos referidos órganos de persoal, no caso de contraviren esta norma.

Estas dúas disposicións relativas ao persoal das empresas concesionarias que se inclúen no proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado, xunto coas limitacións da taxa de reposición de persoal ao servizo das administracións públicas que constitúe a denominada doutrina Montoro, impiden de facto a súa subrogación por parte dos concellos ou entidades de dereito público que deles dependan.

Esta reforma chega despois duns anos nos que as administracións públicas perderon o control do servizo público e acabouse por impor o interese privado de xeito que o lexislador non só non corrixiu os abusos empresariais senón que preparou e facilitou a súa comisión.

É un ataque directo contra os procesos de reversión de privatizacións por parte dos concellos. É un ataque, por tanto, cara á xestión directa dos servizos públicos, un dos mecanismos empregado polos concellos para poder levar a cabo unha atención planificada, regulada e participada.

É a xestión directa a que permite aos concellos levar a cabo unha mellor atención á cidadanía, con maior capacidade de regulación sobre o funcionamento do servizo, favorecendo así a posta en marcha de mecanismos redistributivos, como o cobro pola prestación de servizos en función da renda.

Ademais, a prestación directa de servizos permite exercer un control máis eficaz e

transparente sobre a súa execución. Non só no referido á fiscalización da súa eficiencia, senón tamén no ético da súa actividade.

Nos últimos anos, as ansias privatizadoras de todos os gobernos en todos os niveis da administración deron de si menos servizos públicos, máis caros e peores. Pero ademais unha opacidade tras a que se ocultaron e ocultan tramas de corrupción diversas.

As tramas Gürtel, Zeta ou Pokémon, por mencionar unicamente casos ocorridos en Galicia, son episodios que non se explican sen a externalización ou a privatización de servizos. Cada un destes casos está cargado de cobros de comisións irregulares, de contratacións irregulares e de adxudicacións absolutamente discrecionais.

Pero ademais de amparar indirectamente este tipo de prácticas, as disposicións referidas contraveñen directamente o artigo 85.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que establece que os servizos públicos de competencia local haberán de xestionarse do xeito máis sostible e eficiente, ben a través de xestión directa, ben por un organismo local, a través de entidade pública empresarial local, ou por unha sociedade mercantil local. Se estas disposicións adicionais entraran en vigor, este artigo quedaría, na práctica, sen efecto.

Por estes motivos, propónse ao Pleno do Concello de Neda a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

1.- Rexeitar o intento de interferir na autonomía da administración municipal a través das Disposicións Adicionais Vixésimo Sétima e Trixésimo Quinta do Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, que pretende impedir os procesos de remunicipalización e xestión pública de servizos externalizados a través de concesións administrativas ou doutros contratos de servizos.

2.- Solicitar aos grupos políticos con representación nas Cortes Xerais que, no prazo de tramitación do Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, propoñan e apoiem a supresión das disposicións adicionais Vixésimo Sétima e Trixésimo Quinta.

3.- Instar á Federación Galega de Municipios e Provincias e á Federación Española de Municipios e Provincias a manifestarse en contra das Disposicións Adicionais Vixésimo Sétima e Trixésimo Quinta do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2017.

**DEBATE: Sra. Pena Barcia:** a moción é extemporánea, porque xa se están votando os orzamentos xerais do Estado nas Cortes Xerais. Estamos de acordo co fondo, pero a consideramos un pouco reducida, porque o PSOE xa presentou no Congreso dos Deputados unha emenda á totalidade, e mais de mil emendas parciais.

O PP lexisla contra o municipalismo, por iso nós consideramos que ten que derogarse a Lei de estabilidade orzamentaria e a Lei de racionalización e sostenibilidade da administración local.

**Sr. Cabezón Lorenzo:** so teño unha afirmación que facer a esta moción, é que aos alcaldes das mareas non lles vin facer nin unha soa remunicipalización de servizos en dous anos que levan gobernando en algúnhos Concellos.

**Sra. Bouza Bellón:** estamos a favor da prestación de servizos públicos de calidade.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO, e 4 votos en contra dos Sres. concelleiros do PP, presta aprobación á transcrita moción.

### **7º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Intervén en primeiro lugar o **portavoz do grupo municipal do PP, Sr. Cabezón Lorenzo**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

**1º.-** Cómo está o expediente de cesión do Centro de Saúde á Xunta de Galicia?

**Sr. Alcalde:** pendente de que nos concreten os documentos definitivos a aportar.

**2º.-** En qué consiste a feira do camiño que vexo anunciada?

**Sra. Bouza Bellón:** feira de artesanía, gastronomía, etc.

**3º.-** Existen na actualidade dous contratos de servizos informáticos? Porque temos vistas dúas facturacións, por iso o preguntamos.

**Sr. Alcalde:** se contratou un tema puntual y se facturou, pero hai un so servizo.

**4º.-** Se vai a licitar o servizo de limpeza de edificios municipais?

**Sr. Alcalde:** estamos preparando as prescricións.

**5º.-** Se están esixindo fianzas aos madeiristas tal y como figura na ordenanza?

**Sr. Alcalde:** si.

Seguidamente intervén o **concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Rey Fernández**, para formular a seguinte pregunta:

**1º.-** Se adjudicaron os desbroces a mesma empresa do ano pasado? Porque o certo é que houbo moitas queixas no xeito de prestalo.

**Sr. Alcalde:** foi nun procedemento aberto, pero este ano haberá maiores controis na execución, e tamén precisamos mais concretamente o obxecto do contrato, para evitar defectos na execución.

A continuación intervén o **concelleiro do grupo municipal de MOVENEDA, Sr. Caaveiro Puentes**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

**1º.-** Cómo están os trámites de mellora da seguridade na estrada de Viladonelle?

**Sr. Alcalde:** tivemos unha reunión cos responsables de estradas da Xunta, lle remitimos tamén a documentación, e o están estudando para tentar de dar unha solución.

**2º.-** A comisión para a aplicación da Lei de memoria histórica, se vai convocar con prontitude?

**Sra. Bouza Bellón:** en breve convocaremos a comisión.

3º.- Houbo unha serie de roubos na Mourela, e queremos preguntar si existe coordinación da Policía Local coa Garda Civil de Fene?

Sr. Seijo Martínez: si que hai coordinación, nos reunimos periódicamente.

Sra. Pena Barcia: tamén a hai para as ordes de alexamento en materia de violencia de xénero.

4º.- En canto á vespa velutina, funcionan as trampas que se colocaron?

Sr. Ferreiro Rego: si están funcionando, temos vinte colocadas.

Sr. Caaveiro Puentes: se recollen datos, para ir mellorando?

Sr. Ferreiro Rego: si, estamos recollendo datos.

5º.- A pértiga e o traxe que se compraron para combater á vespa velutina, xa se están utilizando?

Sr. Alcalde: aínda non.

Sr. Caaveiro Puentes: debería resolverse o tema de seguros para quen os vaia a usar.

Seguidamente intervén o **portavoz do grupo municipal de MOVENEDA, Sr. Pita Galego**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- O coche que estaba baixo o ponte da autopista se retirou, pero se fixo xa algún convenio cunha empresa para a retirada de vehículos, con carácter xeral, tal e como se había anunciado?

Sr. Seijo Martínez: todavía non.

2º.- Queremos saber si xa se emitiron os informes pendentes de servizos técnicos referentes á pasarela do Río Beelle e ás reparacións da cuberta do pavillón polideportivo, porque xa fai tempo que os solicitamos.

Sr. Alcalde: aínda non se emitiron.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas e dez minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certificado.

O Alcalde

O Secretario Xeral